

## **COMISIÓN INFORMATIVA DE CULTURA, EDUCACIÓN, DEPORTES E MOCIDADE**

**ACTA** da mencionada comisión informativa, correspondente ao día **21 de xaneiro de 2025**

Ás 18.01 horas do día 21 de xaneiro de 2025, reúnese a Comisión Informativa de Cultura, Educación, Deportes e Mocidade, en sesión ordinaria, na sala de xuntas da Deputación Provincial, coa asistencia dos seguintes deputados e deputadas:

**Presidente:** D. Luís Menor Pérez

**Deputados/as do Grupo Popular:**

D. César Manuel Fernández Gil

D. Manuel Seoane Rodríguez

D.<sup>a</sup> Marta Nóvoa Iglesias

D.<sup>a</sup> Patricia Torres Madureira

D.<sup>a</sup> M.<sup>a</sup> del Carmen González Quintela

**Deputados/as do Grupo Socialista:**

D. Álvaro Vila Araújo

D.<sup>a</sup> Susana Rodríguez Estévez

D. Aurentino Alonso Araújo

D. Emilio Luís Díaz Vidal

**Deputados/as do BNG:**

D.<sup>a</sup> María José Mangane Guede

D. Xosé Manuel Puga González

**Deputado de Democracia Ourensana:**

D. Antonio Fernández Martín

D. Gonzalo Pérez Jácome

**Secretario:** D. Juan Marquina Fuentes

**Interventora:** D.<sup>a</sup> Begoña Álvarez Matos

Seguidamente, iniciouse o tratamento dos asuntos incluídos na orde do día, do xeito que se reflicte a continuación:

### **1º.- APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR, CORRESPONDENTE Á DO DÍA 12 DE DECEMBRO DE 2024.-**

A Secretaría Xeral deu traslado do borrador da acta da sesión anterior, correspondente á ordinaria do día 12 de decembro de 2024.

Non se producen intervencións e, por unanimidade, a comisión adopta o seguinte acordo:

Aprobar a acta da sesión ordinaria da Comisión Informativa de Cultura, Educación, Deportes e Mocidade do día 12 de decembro de 2024, conforme co borrador elaborado pola Secretaría Xeral.

**2º.- MOCIÓNS DE URXENCIA.-** Non se presentan.

**3º.- ROGOS E PREGUNTAS.-**

Nesta quenda prodúcense as seguintes intervencións:

**D.ª María José Mangana Guede, do BNG,** pregunta polo estado de tramitación do expediente de honra de filla predilecta da provincia á doutora Antonia Ferrín Moreiras.

**D. César Manuel Fernández Gil, do Grupo Popular,** contesta que o expediente está incoado e que agarda que pronto se poida levar ao pleno para a súa resolución.

**D. Xosé Manuel Puga González, do BNG,** pregunta polo retraso neste ano 2025 na presentación da programación do Teatro Principal e dos abonos de temporada.

**D. César Manuel Fernández Gil, do Grupo Popular,** contesta que efectivamente por causas imprevistas neste exercicio existe un pequeno retraso, que en breve se solucionará, informando que en poucos días se presentará a programación. Aproveita para pedirilles desculpas ás persoas interesadas e indica que seguro que se verán recompensadas coa calidade da programación que se vai ofertar.

**D.ª Susana Rodríguez Estévez, do Grupo Socialista,** pregunta si este ano se van a repetir os convenios para obras en campos de fútbol municipais.

**A Presidencia** contesta que en principio todas as peticións foron atendidas con cargo ao orzamento do 2024, e indica que se hai novas peticións se atenderán na medida das disponibilidades orzamentarias.

E, ás 18.08 horas, dáse por finalizada a reunión, redactándose a presente acta que se asinará electronicamente. Dou fe.